



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
PRIMARIA SANTA TEGRA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Rúa Maceiras, 48 - 36207 – Vigo.

Teléfonos: 886 120 228 – 886 120 227

cep.santategra.teis@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepsantategrateis/>

PLAN DE TRABALLO DE BENESTAR E CONVIVENCIA



**CEP PLURILINGÜE
SANTA TEGRA**

CURSO 2023-2024

1- INTRODUCCIÓN

Segundo a Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos de Galicia, elabórase este Plan de traballo, que se concretará anualmente na programación Xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretenderán desenvolver no correspondente curso académico 2023-2024, así como a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

2- XUSTIFICACIÓN

Toda a comunidade educativa do CEP Plurilingüe Santa Tegra somos conscientes da necesidade traballar a educación emocional e social, dotando ao alumnado de **estratexias para que aprendan a manexar os sentimentos e emocións e poidan resolver os conflitos que se lles presentan de forma adaptativa.**

Ao mesmo tempo é necesario dotar ao profesorado de ferramentas para a detección de dificultades de convivencia na aula e situacións de risco, que precisen unha intervención inmediata nos distintos ámbitos e/ou derivación a profesionais externos: servizos sociais ou médicos...etc.

No noso centro contamos con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, derivadas de discapacidade, trastornos de atención, vulnerabilidade socioeducativa, retraso madurativo, etc. Deste xeito, a educación emocional cobra máis protagonismo, debendo establecer **medidas de detección e protección, que promovan valores de convivencia, negociación, diálogo e respecto polas diferenzas.**

É necesario tamén promover a participación das familias neste plan, informándoas e asesorándoas no relacionado coa convivencia democrática e o benestar emocional.

3- ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEP Plurilingüe Santa Tegra é un colexio público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, ubicado na rúa Maceiras nº 48 do barrio de Teis en Vigo. Escolariza alumnos e alumnas de educación primaria. Este curso escolar acolle a 100 nenos e nenas distribuídos en 6 unidades:

- 1 unidade de 1º de Educación Primaria: 17
- 1 unidade de 2º de Educación Primaria: 20
- 1 unidade de 3º de Educación Primaria: 16
- 1 unidade de 4º de Educación Primaria: 14
- 1 unidade de 5º de Educación Primaria: 11
- 1 unidade de 6º de Educación Primaria: 22

A participación das familias na vida escolar realízase a través dos órganos de goberno e de forma representativa no Consello Escolar. Existe ANPA, o que pode reflectir o interese de participación. No referente ás cuestións de tipo académico ou persoal concreto dos seus fillos e fillas a participación é individual e por medio das titorías.

Durante o curso 2023/2024 a coordinadora de Benestar e Convivencia será Elena Iglesias Domínguez, a orientadora, que ten o centro base no CEP Plurilingüe Santa Tegra onde permanece os xoves e venres, e comparte coa EEI Plurilingüe Monte da Guía á que acude martes e mércores e co CEIP Plurilingüe Paraixal ao que acude os luns.

Tentaremos fomentar o desenvolvemento emocional do noso alumnado, dotándoo de mecanismos que lle axuden a afrontar os seus problemas e conflitos e axudándolles a acadar un equilibrio emocional porque **o neno ou a nena que se sente ben, aprende mellor.**

4-OBXECTIVOS E INDICADORES

O obxectivo fundamental deste Plan de traballo, no que se desenvolven aspectos fundamentais para a planificación e desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, é **contribuír a mellorar as competencias socio-emocionais do alumnado, xerando un bo clima social e de convivencia, no que se respecten as ideas e sentimentos dos demais, aceptando e valorando a diversidade, como principio básico de inclusión.**

OBXECTIVO 1

- **Crear un espazo para que, por unha banda, o alumnado se exprese, propoña ideas e tome decisións en aspectos socio-emocionais do centro, favorecendo a autoestima, autonomía e as habilidades sociais e, por outra banda, nos permita ao profesorado captar o clima xeral das aulas e detectar problemas de convivencia.**

INDICADORES DE PROCESO E RESULTADO

- Proposta de creación dun “Banco da amizade”, onde o alumnado pode acudir tanto a resolver un conflito como en busca de outro alumnado que sinta a necesidade de atopar novos amigos/as.
- Creación dun buzón onde o alumnado exprese as súas emocións e sentimentos.

TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre para colocación do buzón e explicación nas aulas.

2º trimestre para a creación do “Banco da amizade”.

OBXECTIVO 2

- **Establecer medidas de detección de dificultades socio-emocionais no alumnado, asesorados polo D.O**

INDICADORES DE PROCESO E DE RESULTADO

- Aplicación dun sociograma en cada aula, proposto polo D.O, para coñecer a estrutura social da aula, analizando a interacción, apoio social, situacións de exclusión...etc.
- Análise por todo o equipo docente dos datos obtidos e adopción das medidas necesarias en función dos resultados.

TEMPORALIZACIÓN

2º trimestre de curso para aplicación do sociograma.

3º trimestre para o análise dos resultados e intervención, se fora necesario.

OBXECTIVO 3

- **Dotar ao alumnado de estratexias para tomar conciencia das propias emocións e as alleas, desenvolvendo a habilidade para captar o clima emocional e de convivencia da aula.**

INDICADORES DE PROCESO E RESULTADO

- Traballo na aula das emocións básicas, a través das actividades incluídas no noso Plan de benestar emocional: contos, vídeos, xogos...etc. A través destas actividades intentarase captar o clima xeral da aula e os problemas de convivencia; aspectos que despois se falarán no Consello da infancia.
- Creación dun momento ao longo da mañá (ASEMBLEA) onde os alumnos e alumnas podan expresar como se sintonen.
- Validación por parte do profesorado das emocións dos alumnos e alumnas, tendo claro que non existen emocións positivas e negativas e que sempre temos que aceptar as súas emocións, independentemente de que esteamos de acordo ou non, non tratando de reprimilas nin ignoralas.
- Creación dun banco de recursos no colexio, con xogos, actividades manipulativas e contos para traballar as emocións.

TEMPORALIZACIÓN

- 1 sesión semanal ata o final de curso.

OBXECTIVO 4

- **Dotar ao alumnado de estratexias de auto-regulación emocional, para que manexe as súas propias emocións de forma adaptativa.**

INDICADORES DE PROCESO E RESULTADO

-Despois do recreo e de calquera actividade física, traballarase a volta á calma, con técnicas de autocontrol e relaxación a través de vídeos, contos e a práctica de mindfulness.

- Creación dentro da aula dun recanto da calma, no que haberá unha caixa con materiais específicos, adaptados á idade, para relaxarse no momento que se precise.

TEMPORALIZACIÓN

- 15 minutos ao día, en función da dispoñibilidade horaria do profesorado, durante todo o curso.

OBXECTIVO 5

- **Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos entre o alumnado.**

INDICADORES DE PROCESO E RESULTADO

- Explicación de formas de resolver pacificamente conflitos a través de contos, vídeos,..
- Elaboración dun recanto, nos corredores do colexio, que consiste en dúas cadeiras cos debuxos dunha boca e dunha orella, representando á persoa que está falando e á que está escoitando. Desta maneira os alumnos/as implicados nun conflito intentarán solucionar o de forma autónoma, chegando a un entendemento.
- Emprego de técnicas de modelado para explicar dentro da aula o recanto de resolución de conflitos.

- Considerar a posibilidade de incluír a figura de alumno mediador nos cursos de 5º e 6º, deseñando un proxecto de mediación para desenvolver no curso 2024-25.

TEMPORALIZACIÓN

- 1 sesión á semana no 1º trimestre. No 2º e 3º trimestres empregaranse as sesións necesarias, dependendo dos conflitos que se presenten.

OBXECTIVO 6

- **Potenciar a autoestima do alumnado, validando as súas emocións e experiencias, dándolles autonomía e facendo críticas construtivas nas que se sinala o comportamento ou a tarefa sen facer referencia ás súas cualidades.**

INDICADORES DE PROCESO E RESULTADO

- Potenciar o auto-coñecemento das debilidades e fortalezas, con actividades e dinámicas de grupo.
- Actuar ante os pensamentos negativos recorrentes, cambiándoos por positivos empregando dinámicas grupais.

5-PROCEDIMENTOS DE SEGUIMIENTO

Farase un seguimento trimestral do citado Plan nas reunión da CCP e se irá modificando en función das observacións do equipo docente e do alumnado.

6-AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN

Todas as propostas deste Plan terán un **enfoque DUA**, modelo de ensinanza que ten en conta a diversidade do alumnado e co obxectivo claro de lograr unha inclusión efectiva, minimizando as barreiras físicas, sensoriais, cognitivas e culturais que podan existir na aula, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso a educación.

Este Plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual, a través das acción enfocadas aos logros dos obxectivos establecidos que se desenvolverán no curso académico 2023-24.

Será elaborado e modificado pola persoa coordinadora, segundo se establece na Orde do 23, de agosto de 2023.

Ao final de curso farase unha memoria do plan, na que se avaliarán os obxectivos acadados, as dificultades atopadas e se establecerán propostas de mellora para o vindeiro curso.